


*PLAN DE ADAPTACIÓN A SITUACION COVID- 19  
NO CURSO 2021-2022.*



C.E.I.P PLURILINGÜE DA CARRASQUEIRA

## **INDICE:**

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BASICAS:.....	3
3. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL.....	12
4. MEDIDAS DE LIMPEZA .....	15
5. MATERIAL DE PROTECCIÓN .....	17
6. XESTIÓN DOS GROMOS .....	18
7. XESTIÓN DAS PETICIÓN DOS SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE.....	20
8. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO .....	23
9. MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E AS ANPAS .....	28
10. MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO.....	29
11. MEDIDAS DE USO DO COMEDOR ESCOLAR.....	30
12. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS .....	33
13. MEDIDAS ESPECIFICAS PARA OS RECREOS:.....	42
14. MEDIDAS ESPECIAIS PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA.....	44
15. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO DE NEE.....	45
16. PREVISIÓN ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO .....	45
17. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO .....	46
18. AULAS VIRTUAIS E ENSINO A DISTANCIA.....	46

# 1. INTRODUCCIÓN

O presente protocolo elaborase para concretar as instrucións desenroladas pola Consellería de Educación e así poder adaptar as medidas xenéricas que nelas se contemplan á realidade concreta do noso centro educativo. En base ao Anexo IV do protocolo Covid 19 para o curso 21-22. Actualizado co derradeiro protocolo do 1/10/2021.

Queda a maiores aberto a que se poidan facer modificacións que melloren os seus procesos na posta en práctica do mesmo.

## 2. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BASICAS:

### 1.O NOSO CENTRO. EQUIPO COVID. AULA DE ILLAMENTO COVID.

**C.E.I.P PLURILINGÜE DA CARRASQUEIRA**

**DIRECCIÓN: RÚA DA CARRASQUEIRA SEN NÚMERO.**

**C.P: 36331**

**TELÉFONO: 886 12 01 91**

- O equipo Covid-19 do centro, será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo o forman:
  - Iria R. Mariño Debén (coordinadora)
  - Tomás Sergio Trincado Freitas. Encargado de recibir as mensaxes das familias, compañeirxs e establecer contacto co centro de saúde.
  - Francisco Javier Rodríguez Crespo . Elaboración do inventariado mensual e valorar as necesidades para pedir o material que a maiores se precise. Isaac colaborará diariamente preguntando nas aulas polas necesidades de papel, hidroxeles, máscaras en cada unha das aulas (aproveitando que pasa lista de ausencia do alumnado).

.- Espazo de illamento Covid-19: A **aula de convivencia**; no caso de ser preciso o seu uso esta será a súa función preferente.

- O centro de atención primaria de referencia é o Centro de Saúde de Coruxo.

\_ Dirección: Estrada José-RivasCoruxo, 36330 Vigo.

\_ Teléfono: 986 46 05 36.

\_ Persoa de contacto: Rosana Izquierdo Fernández

.UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO. CADRO DE PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE.

Somos un Colexio de Infantil e Primaria con 18 unidades: 6 aulas de infantil e 12 de primaria.

.- Número de alumnos por nivel e etapa educativa:

4º ED. INF. A	13
4º ED-INF. B	13
5º ED. INF. A	17
5º ED. INF. B	16
6º ED. INF. A	9
6º ED. INF. B	9

**EDUCACIÓN INFANTIL:**

**ED. PRIMARIA:**

1º ED. PRIM. A	16
1º ED. PRIM. B	16
2º ED. PRIM. A	21
2º ED. PRIM.B	21
3º ED. PRIM. A	21
3º ED. PRIM. B	22
4º ED. RPIM. A	23
4º ED. PRIM. B	23
5º ED. PRIM. A	15
5º ED. PRIM. B	18
6º ED. PRIM. A	22
6º ED. PRIM. B	23

.-Cadro de persoal do centro:

PERSOAL DOCENTE	34
-----------------	----

.GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA DE INFANTIL E PRIMARIA. GRUPOS COLABORATIVOS. ESPECIALISTAS. CADRO DE PROFESORADO POR TITORIAS.

*“En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo. Se a transmisión é moi baixa (nova normalidade) permitirase que os grupos de convivencia estable interaccionen con outros grupos do mesmo curso, sobre todo ao aire libre.”*

Baixo o noso punto de vista os grupos estables de convivencia son fundamentais para o benestar físico e emocional do alumnado; favorecen a aprendizaxe por imitación, a interacción social e o intercambio de pensamentos; permiten que o alumnado volva á escola, e non que a aprendizaxe só dependa do docente, e o discente sexa un obxecto pasivo que absorbe coñecementos sen máis (cosa que é ben sabida que non funciona). A través dos grupos estables de convivencia pódese centrar o aprendizaxe nx alumnx como parte activa e principal dese proceso.

Se a Administración lle quere dar prioridade ao alumnado creando grupos de convivencia estables non ten sentido que dentro dos propios servizos ofertados pola consellería (a través dos centros) non se faga por respectar esos grupos: transporte, aula matinal, comedor e actividades extraescolares. Deixan a responsabilidade da xestión, que por certo son os de maior complexidade organizativa, no eslavón máis débil. A administración debe dar solucións organizativas, debe regular e loxicamente inverter; en caso contrario imos a comezar cunha incongruencia no que respecta aos “grupos estables de convivencia” xa que van a ter o nome pero na práctica son unha quimera xa que non se manteñen en ningún dos servizos complementarios :

Salientamos a circunstancia de que non se cumpre á regra de grupos “burbulla” estables de convivencia cando o alumnado que ven transportado está mesturado nas liñas de autobús entre si, e unha desas liñas é compartida con outro centro educativo (CEIP A Paz Tintureira). Que pasará nestes casos se hai un abrocho? Tamén se mesturan na asignatura de relixión e nas actividades extraescolares.

CADROS DE PROFESORADO ESTABLE NOS GRUPOS DE ALUMNADO ESTABLES:

3º INF A	3º INF B	4º INF A	5º INF B	6º INF A	6º INF B
TITORA: Montserrat Alvarez Rodriguez	TITORA: Eva Román Molinos	TITORA: Tania López Cabello	TITORA: Andrea Pérez López	TITORA: Noela Cameselle Vila	TITORA: Mª Teresa Fdez. Bascuas
ESPECIALISTAS: -Generosa Hermida Costas -Iria Mariño Debén -Alicia Lence Gestoso -Margarita Rodriguez Leites	ESPECIALISTAS: -Generosa Hermida Costas -Iria Mariño Debén -Alicia Lence Gestoso -Margarita Rodriguez Leites	ESPECIALISTAS: -Generosa Hermida Costas -Iria Mariño Debén -Alicia Lence Gestoso -Margarita Rodriguez Leites	ESPECIALISTAS: -Generosa Hermida Costas -Iria Mariño Debén -Alicia Lence Gestoso -Margarita Rodriguez Leites	ESPECIALISTAS: -Generosa Hermida Costas -Iria Mariño Debén -Alicia Lence Gestoso -Margarita Rodriguez Leites	ESPECIALISTAS: -Generosa Hermida Costas -Iria Mariño Debén -Alicia Lence Gestoso -Margarita Rodriguez Leites

1º PRIM. A	2º PRIM. A	3º PRIM. A	4º PRIM. A	5º PRIM. A	6º PRIM. A
TITORA: Mª Gloria Rodríguez Ricart	TITORA: Mª Rita Hidalgo Carrete (R. Fátima Álvarez Villalain)	TITORA: Sara Mª Piñeiro Montero	TITOR: Andrés Santamaría Alonso	TITORA: Carolina Lorenzo Lois	TITORA: Lucinda Paz Calvo Mª Victoria Gil Varela
ESPECIALISTAS: -Jaqueline Fernández Bernal. -T. Sergio Trincado Freitas. -Miriam Álvarez Martínez.	ESPECIALISTAS: -Jaqueline Fernández Bernal. -T. Sergio Trincado Freitas. -Miriam Álvarez Martínez.	ESPECIALISTAS: -Jaqueline Fernández Bernal. -T. Sergio Trincado Freitas. -Miriam Álvarez Martínez.	ESPECIALISTAS: -Jaqueline Fernández Bernal. -T. Sergio Trincado Freitas. -Miriam Álvarez Martínez.	ESPECIALISTAS: -Margarita Rodríguez Leites -T. Sergio Trincado Freitas. -Miriam Álvarez Martínez.	ESPECIALISTAS: -Margarita Rodríguez Leites -Miriam Álvarez Martínez.

1º PRIM. B	2º PRIM. B	3º PRIM. B	4º PRIM. B	5º PRIM. B	6º PRIM. B
TITOR/A: Ruth Mª Bernárdez Vázquez	TITORA: Mª Susana Costas González	TITORA: Concepción Rodríguez Frade	TITOR: Ángel Rodríguez González	TITOR/A: Pilar Mª Freijeiro Rodríguez. (Iago Lantes Caldelas)	TITORA: Rosa Mª Alvarez Sanromán
ESPECIALISTAS: -Jaqueline Fernández Bernal. -T. Sergio Trincado Freitas. -Miriam Álvarez Martínez.	ESPECIALISTAS: -Jaqueline Fernández Bernal. -T. Sergio Trincado Freitas. -Miriam Álvarez Martínez.	ESPECIALISTAS: -Jaqueline Fernández Bernal. -T. Sergio Trincado Freitas. -Miriam Álvarez Martínez.	ESPECIALISTAS: -Jaqueline Fernández Bernal. -T. Sergio Trincado Freitas. -Miriam Álvarez Martínez.	ESPECIALISTAS: -T. Sergio Trincado Freitas. -Miriam Álvarez Martínez. -Margarita Rodríguez Leites	ESPECIALISTAS: -Margarita Rodríguez Leites -Miriam Álvarez Martínez.

O Equipo de orientación:

-A Orientadora: Maria Prieto Magdalena

- Mestres de pedagogía terapéutica: Javier Rodríguez Crespo, Patricia Rodríguez Dasilva e Ingrid Doylet Vargas

-Mestres de audición e linguaxe : Begoña Bernardez Alonso, Carla Díaz-Salazar Iglesias, e Belén Fernandez Rocafort

Estes mestres entran nas aulas de infantil e primaria para traballar co seu alumnado , ou traballan así mesmo de forma individual con estes rapaces nas súas aulas.

.- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA.

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do

centro educativo. Se a transmisión é moi baixa (nova normalidade) permitirase que os grupos de convivencia estable interaccionen con outros grupos do mesmo curso, sobre todo ao aire libre.

O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico. A obriga de utilización de máscara farase efectiva no momento no que o alumno/a cumpra os 6 anos de idade independentemente do curso no que se atope matriculado.

O alumnado e o profesorado e o persoal non docente, salvo aquel legalmente exento, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a, ou polos servizos de prevención de riscos, no seu caso, para persoal docente e non docente.

Tamén é preciso que traian unha botella de auga (preferentemente de aceiro inox) así evitaremos a acumulación de nenxs nos aseos, e as fontes dos patios non están operativas. Rogamos que non se traian botellas de un só uso.

Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas do protocolo. Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.

Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.

Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible.

Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.

Existirán zonas ben diferenciadas para que xs alumnxs poidan gardar o seu material, cando este sexa gardado de xeito grupal, o alumno/a encargado/a de material procederá á preceptiva desinfección de mans antes de levalo a cabo.

Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, música ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado e a súa quenda de entrada/saída.

Dentro da aula evitarase o contacto físico entre o alumnado, excepcionalmente se poderán deseñar actividades de grupo, ou de outro tipo, que requiran unha maior interacción entre elxs (nese caso, é obrigado o uso de máscaras) todas estas consideracións deberanse ter en conta nas programacións de aula.

Todo o profesorado, titor e especialista que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans, cadeira, mesa, ordenador e rotuladores de pizarra.

Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, 15 minutos ao remate de cada xornada (mañá e tarde), durante a totalidade dos

recreos, cando menos 5 minutos entre clase e clase e de 2 a 5 minutos cada 15 a 20 minutos durante a duración destas. As portas das aulas deberán permanecer sempre abertas, coas ventás abertas para favorecer a circulación de aire e, especialmente se as ventás se atopan pechadas. As ventás dos corredores deberán permanecer abertas para facilitar a ventilación.

Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

Se un/ha profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/a de maneira consecutiva, desinfectaranse as superficies utilizadas e ventilarase a sala un mínimo de 5 minutos tras cada sesión ou, en función dos parámetros citados, que garantan unha ventilación axeitada.

## 5. CANLE DE COMUNICACIÓN PARA DAR A COÑECER AO EQUIPO COVID OS CASOS DE SINTOMATOLOXIA COMPATIBLE. AUSENCIAS DE PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE. COMUNICACIÓN DAS FAMILIAS CO EQUIPO COVID PARA COMUNICAR INCIDENCIAS E AUSENCIAS.

Segundo o establecido na derradeira revisión da normativa.

- Cada centro educativo deberá contar cun equipo formado na Covid-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado pola persoa titular da dirección do centro, ou persoa na que delegue ou a substitúa, e dous membros do profesorado.

Corresponde á persoa titular da dirección do centro o nomeamento dos restantes membros. Tamén lle corresponderá á persoa directora, ou persoa na que delegue ou a substitúa, a función coordinadora Covid e a interlocución coa administración. En cada centro educativo establecerase unha canle de comunicación cos membros da comunidade educativa, en particular, coa periodicidade que estableza a dirección, informará ao consello escolar do centro sobre as medidas adoptadas e, de ser o caso, da evolución dos diferentes escenarios .

- O persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar una autoenquisa diaria para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa de autoavaliación que se describe no Anexo I, que debe realizarse antes da chegada ao centro. A enquisa non ten que comunicarse aos centros educativos, senón que deberase adoptar polo persoal dos centros educativos as medidas oportunas en función do resultado da auto avaliación e comunicar ao centro a ausencia.

- Cada día, antes de acudir ao centro, os pais,/nais/titores legais realizarán unha valoración dos síntomas recollidos no Anexo I ao alumnado a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV.2. Ante a aparición de, polo menos, un dos síntomas que describe a enquisa de autoavaliación, os titores non enviarán ao alumno/a a clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra. En caso de que un alumno/a que estea no centro teña algún síntoma compatible coa infección por SARS-CoV-2 de acordo coa enquisa de autoavaliación, deberá permanecer no espazo de illamento habilitado no centro ata que o responsable veña a recollelo.

- No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable, como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia, os criterios sanitarios -que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria- serán os que recomenden médico ou pediatra de acordo co establecido na resolución que se dite instrucións para a atención educativa ao alumnado vulnerable ou alumnado con conviventes vulnerables durante o curso 2021/22 como consecuencia da pandemia da Covid-19

### **COMUNICACIÓNS OBRIGATORIAS DE SINTOMATOLOXÍA OU DE CONFIRMACIÓN**

-Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid (polo menos unha das relacionadas no anexo I) no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo Covid. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.



- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais, ou ao alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo. A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa Covid-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

- Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactárase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, desde o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

**Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado. Ademais, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán seguir as indicacións do Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV- 2 (Covid- 19) no ámbito educativo non universitario de Galicia e absterse de asistir ao centro educativo ata que se resolva a situación do caso sospeitoso.**

**O alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva serán considerados contactos estreitos, excepto que a Central de Seguimento de Contactos lles indique o contrario. Tendo en conta isto, as persoas conviventes do caso positivo que estean vacinadas coa pauta completa ou aquelas que fosen diagnosticadas da COVID nos últimos 6 meses poderán acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo, extremando sempre as medidas de prevención. Pola contra, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán **abstersede asistir ao centro educativo e esperar as indicacións da Central de Seguimento de Contactos en corentena.****

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, xuntamente coa Consellería de Sanidade, dispón da canle informática denominada “**EduCovid**”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que a Central de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

- Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recomendase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.

- Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de 9 a 22h todos os días da semana e que estará dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.

- Como ocorre con calquera outro caso confirmado de Covid, a CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCovid solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo .

- Neste momento, se previamente non se fixo, o Equipo Covid deberá pórse en contacto coa CSC a través do número de teléfono dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.

- Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCovid, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. Se a CSC atopa dificultades para localizar ao caso no centro concreto, facilitaralle a IdOrixe ao Equipo Covid e pediralle que realice a súa carga en EduCovid. En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCovid.

- O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso. Estes contactos estreitos poderán seleccionarse da “Rede de contactos” proposta por EduCovid, na que se inclúen compañeiros de clase, de comedor, de transporte, profesorado e outros (coma os recreos, etc...). Para esta determinación terase en conta o previsto no Anexo II.

- Existe a posibilidade de que algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, polo que o Equipo Covid deberao incorporar de forma manual. Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCovid. No caso de que, conxuntamente coa CSC, non se identifiquen contactos estreitos no centro, premerase igualmente o botón “Notificar a Sanidade” sen seleccionar a ningunha persoa. Deste xeito, o estado do expediente pasará de “Petición de contactos” a “Contactos comunicados”, coa correspondente traza temporal.

- No descrito previamente asúmese que, se é o Equipo Covid quen lle notifica á CSC que no centro existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19, a CSC pode verificar esta información. Pode ocorrer que á CSC aínda non dispoña da información necesaria para facelo, polo que nesta circunstancia procederase do xeito seguinte:

- 1. Unha vez recibida a notificación, á CSC axudará a buscar indicios que verifiquen que se trata dun caso confirmado de Covid. Se hai información abondo, ou non é posible desbotar a información como resultado dun erro, o Equipo Covid cargará o caso en EduCovid co IdOrixe 0000. Isto indicará que o caso aínda non está verificado.

- 2. Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e gárdanse, pero non se notifican. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será a persoa directora do centro quen adiante esta información aos posibles contactos estreitos (a eles e só a eles). A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de Covid-19.

Para facilitar esta información recomendase usar o modelo de comunicación curta específico que está dispoñible na Axuda de EduCOVID.

- 3. Entre tanto, o resultado positivo chegará á CSC e haberá unha IdOrixe válida. Nese momento, a CSC chamará ao centro e facilitaralle esta IdOrixe, para que o Equipo Covid modifique o Id 0000 polo IdOrixe real. Unha vez feito isto, o centro educativo notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e procederase de forma habitual, onde a CSC chamará aos contactos estreitos para enquisalos e iniciar o seguimento. En todo este proceso, esixírase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da Covid.

- O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares non vinculadas ao centro, terán que ser recollidos pola autoridade sanitaria.

- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguiranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade

Sanitaria. A CSC encargárase da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

•A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber decolaboración.

•O equipo Covid de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

Resulta fundamental que os datos de contacto do alumnado e as súas familias estean actualizados en XADE. En caso contrario a CSC non poderá contactar co alumnado e familias afectadas. O profesorado e persoal non docente deberán manter os seus datos de contacto actualizados aos mesmos efectos.

**.- Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible.**

Teléfono fixo: 886120192

Correo electrónico: [ceip.carrasqueira@edu.xunta.es](mailto:ceip.carrasqueira@edu.xunta.es)

En asunto pregamos que se escriba:

COMUNICACIÓN Covid-19 FAMILIAS.

**.- Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado. Táboa de rexistro mensual**

TÁBOA DO MES DE .....: AUSENCIA DO ALUMNADO

NOME DO ALUMNX	DÍA/DÍAS

TÁBOA DO MES DE .....: AUSENCIA DO PERSOAL DOCENTE

TÁBOA DO MES DE SETEMBRO: AUSENCIA DO PERSOAL NON DOCENTE

NOME DX MESTRX	DÍA/DÍAS

NOME	DÍA/DÍAS

**.- Procedemento de comunicación das incidencias as autoridades sanitarias e educativas:**

- Chamada telefónica á familia do afectado/a.
- Chamada telefónica ao centro de saúde de referencia.
- Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade.
- Subida de datos á aplicación.

### 3. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

.- Medidas de prevención da transmisión da infección e protección.

Os centros educativos deberán informar a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:


- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sacala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- Ao tusir ou esbirrar, non retirarse a máscara, e cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Usar panos refugables para eliminar secrecións respiratorias e tiralos tras o seu uso a unha papeleira con bolsa e a poder ser con tapa e pedal, facendo unha posterior hixiene de mans.
- Hixiene de mans: lavado frecuente, e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.

- Para o alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de auga e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.

- Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas. Nos grupos de idade ata os 7 anos, deberase prestar especial atención por parte das persoas responsables a aplicación do xel por parte do alumnado.

- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo.
- Habilitar dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada e en espazos comúns.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.

- Situación dos pupitres nas aulas, identificación do profesorado.



Distintas tipoloxías e modelos de aulas:

- O modelo de aula a empregar é, en primaria, preferentemente, o que se mostra na imaxe de arriba pero adaptado as características das nosas aulas.

As medidas recomendadas pola OMS só se cumpren nalgúns aulas de Educación Infantil; en E.Primaria é imposible facelo pola ratio dos diferentes niveis desta etapa (75 cm. De media entre mesas do alumnado)

- Na etapa de infantil, poderá traballarse mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos (preferiblemente os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia.

- Medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de Orientación e aulas especiais do centro.

Nas aulas nas que entre alumnado pertencente a distintos grupos teremos que adicarlle tempo entre sesión e sesión á: desinfección de mesas, cadeiras e materiais manipulativos empregados; tamén é obrigatorio airear o espazo de traballo. Recoméndase que o alumnado participe neste proceso para que se familiarice coas rutinas de hixiene e limpeza.

No caso de que sexa posible, a maiores da desinfección, o alumnado que acude a unha aula que non é a súa, ten que ocupar os postos que non se empregaron na sesión que os precede (a partires da primeira sesión da mañán).

No caso de traballar con recursos manipulativos, e se é posible, debemos planificar as nosas actividades de tal xeito que sexan diferentes os recursos empregados entre sesión e sesión e así evitar calquer contaminación a través dos mesmos.

.- Canles de información ás familias:

.- Teléfono do centro.

.- Páxina web.

.- E-mail.

.- Abalar.

.- Webex.

.- Aula virtual.

.- De xeito presencial. Baixo cita previa en horario que non coincida nin coa entrada/ saída do alumnado nin cos recreos, momentos de maior tránsito de persoas.

.- Uso de máscaras no centro.

Remitímonos ao cumprimento do establecido na derradeira modificación da Instrucción da Consellería (versión 06/07/2021).

.- Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa:

\_ A través da Plataforma Abalar Móbil.

\_ En cada titoría, na primeira reunión do curso.

\_ En un pen drive ao equipo docente.

\_ En documento impreso ao persoal docente e non docente que o requira.

## 4. MEDIDAS DE LIMPEZA

Indicacións establecidas no protocolo covid-19 da Xunta.

- Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.

- Nas aulas será suficiente con realizar a limpeza unha vez ao día, incluído mobiliario (mesas e outras superficies de contacto, etc).
- No caso das quendas no comedor , biblioteca, aulas P.T, A.L, Inglés, relixión ...., cando cambie o alumnado, procederase a desinfección e ventilación entre quenda e quenda.
- Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día.
- Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.
- Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos dúas veces na xornada. En todo caso nos aseos existirá xaboeiras ou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.
- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recen preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.
- Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
- Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.
- Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, 15 minutos ao remate de cada xornada (mañá e tarde), durante a totalidade dos recreos, cando menos 5 minutos entre clase e clase e de 2 a 5 minutos cada 15 a 20 minutos durante a duración destas. As portas das aulas deberán permanecer sempre abertas, coas ventás abertas para favorecer a circulación de aire e, especialmente se as ventás se atopan pechadas. As ventás dos corredores deberán permanecer abertas para facilitar a ventilación.

-Coas medidas de prevención de accidentes necesarias:

- Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

-Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.

- Se un/ha profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/a de maneira consecutiva, desinfectaranse as superficies utilizadas e ventilarase a sala un mínimo de 5 minutos tras cada sesión ou, en función dos parámetros citados, que garantan unha ventilación axeitada.

- Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas:

- unha persoa de limpeza, fará unha parte do horario pola mañá.

- pola tarde o persoal e horario que corresponda ao centro.

- Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza. Cadro de control de limpeza dos aseos.

Material de limpeza:

Proteccións: lubas, pantallas faciais e máscaras.

Cadro de control:

<b>TÁBOA DE CONTROL DE LIMPEZA ASEO</b>	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:30					
11:00					
11:30					
12:00					
12:30					
13:00					
13:30					
14:00					

- Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula).

<b>TÁBOA DE CONTROL DE VENTILACIÓN</b>	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ANTES DA ENTRADA DE ALUMNADO 9:00 a 10:00					
10:00 a 10:15					
11:30 a 11:45					
RECREO (QUENDAS)					
13:00 A 13:15					



.- Determinación dos espazos para a xestión de residuos.

En relación coa xestión dos residuos:

- Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.
- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).
- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo

Os residuos diarios se depositarán nun contedor destinado a tal efecto próximo á sala de caldeiras; levaráanse aos contedores do exterior en dúas quendas.

QUENDA 1: Ao remate da segunda quenda de recreo.

QUENDA 2: Cando remate a xornada da tarde do persoal de limpeza.

## 5. MATERIAL DE PROTECCIÓN

A 03/09/2020 aínda non se recibiu dotación algunha no que respecta ao material de protección, o que temos o adquiriu o equipo directivo no curso anterior e o equipo covid vai repoñendo o necesario.

.- Rexistro e inventario do material do que dispón o centro:

### INVENTARIO COVID 19

#### SITUACIÓN INICIAL MES DE SETEMBRO

MATERIAL	UNIDADES
MÁSCARAS	350 desbotables 30 lavables
LUVAS	20 caixas
PANTALLAS FACIAIS	30

PANOS DE UN USO (ROLLOS)	60
PANOS DE DESINFECCIÓN	35
TOALLAS DE DESINFECCIÓN	35
XEL HIDROALCOHÓLICO	50
PAPELEIRAS DE PEDAL	30
TERMÓMETROS	3
DESINFECTANTES PULVERIZADORES	50
PROTECCIÓN DE METACRILATO	Por determinar

.- Determinación do sistema de compras do material de protección.

De xeito quincenal, x compañeirx do grupo covid 19 asignado a tal efecto, será quen revise a situación do remanente tanto físicamente como nas táboas mensuais de control; en caso de velo preciso, fará unha dotación nova de material a cargo do presuposto de funcionamento do centro.

.- Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

Non se poderá facer entrega de material inventariado do covid-19 sen que sexa actualizado nas táboas; x encargadx da entrega do material será sempre a mesma persoa do equipo covid 19.

A principios de setembro farase a entrega do material persoal do profesorado, no que respecta ao persoal non docente o procedemento será o mesmo.

## 6. XESTIÓN DOS GROMOS

No contexto do protocolo, considerarase gromo nun centro educativo a calquera agrupación de 3 ou mais casos con infección activa nos que se establecese un vinculo epidemiolóxico, sendo sinónimo de abrocho ou brote. Tendo en conta a importante variabilidade entre as diferentes situacións, sempre que se detecten 3 casos ou mais nun centro escolar nun período corto de tempo (menos de 14 días entre o primeiro e o último caso) deberá ealizarse unha valoración da situación por parte das autoridades sanitarias. Será o persoal da CSC quen faga esta notificación e decida co persoal da XT de Sanidade ou do SAEG se é necesario levar a cabo alguna actuación xtraordinaria.

-Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de Covid-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

- Diante dun suposto no que unha persoa da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo as medidas de 24 de 126 prevención e control levaranse a cabo en base ao protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia. En virtude das mesmas:

Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas no ANEXO III: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo deberá porse en contacto coa CSC e rexistar os contactos estreitos a través da aplicación “EduCovid”.

#### **Escenarios no suposto dos gromos:**

- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto no Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros (<2m) do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados polo responsable COVID coa axuda da CSC ou XT de sanidade, segundo os protocolos vixentes en cada momento.

- Tanto as persoas que teñan diagnóstico confirmado como aquelas determinadas como contacto estreito seguirán as indicacións da Central de Seguimento de Contactos para o seu caso concreto de acordo co Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-1 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia (<http://coronavirus.sergas.gal> ) .

- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola resolución que dite para a regulación do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, que desenvolverá as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Os centros deberán incorporar a sistemática prevista no plan de continxencia, naquelas cuestións que son da súa responsabilidade, ao seu propio Plan de Continxencia, previsto no Anexo III.

- Finalizado o período de illamento/corentena das persoas que conforman una aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

No que respecta aos escenarios no **suposto de peche dun aula completa**: Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súaduración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O criterio que seguiremos para a reactivación do alumnado ao centro educativo será o seguinte:

- Situación sanitaria da unidade familiar.
- Necesidades socioeducativas que favorezan a súa reincorporación.

- Imposibilidade de conciliar por parte dos membros da unidade familiar: priorizaranse ás familias nas que traballen tódolos membros da unidade e de xeito presencial, seguiremos o seguinte orde de preferencia:
- Familias nas que traballen de xeito presencial tódolos membros da unidade familiar e o seu horario sexa incompatible co escolar. (máxima puntuación)
- Familias nas que traballen de xeito presencial tódolos membros da unidade familiar e o horario de un deles sexa incompatible co escolar.
- Familias nas que traballen de xeito telemático tódolos membros da unidade familiar.
- Familias nas que traballe de xeito telemático un membro da unidade familiar.
- Resto de familias.

## 7. XESTIÓN DAS PETICIÓNS DOS SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

Segundo o establecido en normativa:

(A Consellería non contempla os casos de vulnerabilidade que afectan ao alumnado, considera que xa están amparados polo programa de alerta escolar, ao cal hai que ter como base normativa no que a elxs respecta).

Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade:

.- De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para COVID-19 (as persoas con enfermidade cardiovascular, incluídahipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida ( IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos) realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV- 2.6

As funcións do Servizo Sanitario de Prevención de Riscos Laborais serán asumidas polo persoal sanitario da inspección médica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nas xefaturas territoriais.

.- De conformidade co Criterio Operativo no 102 /2020 do Ministerio de Traballo e Economía Social, o escenario de risco cualifícase como de baixa probabilidade de exposición. No mesmo senso a actividade educativa non constitúe un risco de empresa con actividades, que pola súa natureza, constitúan un risco laboral de exposicións ao SARS-CoV-2, senón que a súa presenza nos centros educativos constitúe unha situación excepcional, derivada da infección das persoas traballadoras por vías distintas da profesional.

.- Para cualificar unha persoa como especialmente sensible para COVID- 19, debe aplicarse o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-COV- 2, publicada polo Ministerio de Sanidade tendo en conta que con carácter xeral na actividade educativa o nivel de risco será o sinalado como NR1. Isto volve a confirmarse no punto relativo ás Medidas de Prevención, Hixiene e Promoción da Saúde fronte a COVID-19 para centros educativos no curso 2020-2021, do Ministerio de Sanidade e do Ministerio de Educación e Formación Profesional de data 22.06.2020, que taxativamente manifesta: "En general, tal y como establece el Procedimiento citado, en función da la naturaleza de las actividades docentes en los centros educativos, así como de la incidencia y prevalencia de COVID-19 descrita hasta al momento en la población infantil, el riesgo del personal docente debe ser considerado como similar al riesgo comunitario y

clasificarse, por lo tanto, como nivel de riesgo 1 (NR1)". En consecuencia o persoal docente e non docente deberá permanecer no seu posto de traballo ata que se determine, se é o caso, que se trata de persoal especialmente sensible e que non poida ser protexido no seu posto de traballo mediante as medidas establecidas neste protocolo ou ata que se atope, se fose o caso, nunha situación de incapacidade temporal.

Se a pesar desta circunstancia algún/algunha empregado/a público considera necesaria a avaliación da súa saúde en relación a COVID-19, actuaráse como a continuación se indica.

Esa avaliación é a única actividade técnica que poderá servir de base para tomar as decisións preventivas adaptadas a cada caso.

No anexo II do protocolo recóllense os distintos escenarios que se poden dar co persoal incluído como grupo vulnerable e indícanse, de ser o caso, as adaptacións de tarefas que a Consellería deberá realizar para que poida seguir desempeñando o seu posto de traballo.

Tal e como se recolle no anexo II, o simple feito de que o/a traballador/a presente algunha das patoloxías indicadas non determina a súa consideración de traballador/a como especialmente sensible, polo tanto, para determinar a especial sensibilidade deberán concorrer as circunstancias indicadas en ditos anexos e proceder tendo en consideración que a situación de partida é a de nivel de risco NR1.

.- De acordo co que antecede, cando un/unha traballador/a se atope dentro dun grupo vulnerable dos sinalados anteriormente, deberanse seguir os seguintes pasos:

A persoa interesada na declaración de persoal sensible por causas de saúde, deberá dirixir a súa solicitude á dirección do centro educativo onde presta os seus servizos, na que exprese que concorren as causas para considerar o/a traballador/a como grupo vulnerable e susceptible de ser considerado persoal sensible (anexo III deste protocolo).

A dirección do centro educativo emitirá, por cada solicitante, un informe no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes. Porase a disposición das direccións un modelo de informe simplificado no Portal da dirección (anexo IV).

A dirección do centro educativo remitirá cada día en que existan solicitudes unha relación das peticións de valoración da sensibilidade do/a traballador/a e do posto, xunto cos informes emitidos, á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación do ámbito provincial onde radique o dito centro de traballo.

A Inspección Médica Educativa analizará a petición achegada, e solicitará mediante correo electrónico ao/á traballador/a a documentación acreditativa da súa situación que resulte procedente para resolver a adaptación do posto de traballo ou a declaración de persoal como sensible.

Coa análise da devandita documentación e da relativa aos posibles riscos existentes no centro de traballo da persoa solicitante, o facultativo emitirá informe.

A Inspección Médica Educativa poderá solicitar, se fose preciso, un informe preventivo adicional de carácter complementario ao Servizo de Prevención de Riscos laborais da Consellería de Educación, quen, a súa vez, o recadará do servizo sanitario preventivo contratado.

A actuación do servizo sanitario non suporá a necesidade de desprazamento nin do/da traballador/a nin do facultativo e realizarase a través da análise da documentación que aquel/a lle achegue.

Resulta obrigatorio para o/a traballador/a achegar toda a documentación requirida polo servizo sanitario nun prazo máximo de 3 días hábiles ; no caso contrario, entenderase que desiste da súa petición.

O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores.

Mentres se tramita o informe da Inspección Médica, o/a traballador/a terá a obriga de acudir presencialmente ao centro.

No que se refire ao informe que emitirá o servizo sanitario, deberá establecer algunha das seguintes medidas:

a) Establecer que non concorre especial sensibilidade no/na traballador/a e que haberá que seguir mantendo as medidas de prevención establecidas no presente protocolo e que polo tanto pode realizar a súa actividade presencialmente de conformidade co previsto no anexo II.

b) Se hai algunha circunstancia no posto de traballo que poda elevar o risco na saúde da persoa traballadora, realizará un informe de adaptación de posto no que se lle indiquen ao responsable da dirección do centro as medidas de prevención, adaptación e protección que se deban adoptar. Estas medidas poderán consistir na adaptación do posto de traballo, dotación dunha protección adecuada que evite o contacto ou de recolocación a outras funcións exentas de risco, tendo en conta as pautas incluídas no anexo II.

c) Como última medida e, unha vez acreditada a imposibilidade de realizar as medidas do punto anterior, o facultativo emitirá un informe en que indique a imposibilidade de adaptación do posto de traballo e a imposibilidade de aplicar unha protección adecuada que evite o contaxio ou recolocación a outras funcións exentas de risco e, polo tanto, considerarase ao/a traballador/a como especialmente sensible para os efectos da tramitación, de ser o caso, da incapacidade laboral.

Para efectos do estudo das circunstancias concorrentes para a declaración dun/ha traballador/a como especialmente sensible, realizarase o estudo das patoloxías do traballador en relación co seu posto de traballo, avaliando especificamente o risco que supoñen as súas funcións en relación coas súas doenzas.

Cómpre destacar que se as circunstancias do posto de traballo non variaron respecto á situación previa da pandemia do coronavirus, non existe no/a traballador/a maior sensibilidade que a que existía con anterioridade.

## 8. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

- Determinación de entradas e saídas e organización das mesmas.

Para evitar contactos entre alumnado nas entradas e nas saídas imos a configurar seis zonas no patio de primaria e tres no de infantil; estes espazos marcarán a referencia organizativa das entradas, das saídas e dos recreos.

### PRIMARIA

ZONA 1: Pista de fútbol-sala e zona cuberta do ximnasio (inclúe a pizarra e a zona da canastra pero non as casetas).

ZONA 2: Patio cuberto e zona non cuberta próxima á horta polos dous lados, tamén o carreiro de terra por detrás da portería pegada ao areeiro de infantil (remata no muro de infantil).

ZONA 3: Pista de baloncesto e zona verde que a rodea (non a que está contra o patio cuberto xa que pertence a zona 2).



ZONA 4: Caseta baixa, zona do loureiro e teatro.

ZONA 5: Caseta alta, mesas e bancos de madeira, entrada.

ZONA 6: Xardín pegado á biblioteca (os dous lados).

### ZONA DE REFERENCIA FIXA DA ENTRADA EN PRIMARIA

A primeira hora da mañán, e antes de entrar ao edificio, o alumnado de 1º só pode ocupar a zona nº 1, o alumnado de 2º de primaria a zona nº 2 ... e así tódolos días no que respecta á entrada.

Para que non se mesture o alumnado dos distintos grupos delimitaremos os espazos da seguinte maneira:

1ºA: a metade da pista de fútbol sala da portería próxima á porta da entrada. 1ºB a outra metade da pista.

2ºA: a metade do patio cuberto e zona de area próxima ao garaxe. 2ºB: a outra metade.

3ºA: a metade da pista de baloncesto pegada ao areeiro de infantil. 3ºB: a outra metade.

4ºA: a zona da caseta; 4ºB: zona teatro.

5ºA: a zona da caseta; 5º B: zona entrada.

6ºA: a zona exterior que dá á biblioteca; 6ºB: a zona exterior que dá ás aulas de infantil.

#### ZONA DE REFERENCIA FIXA DA ENTRADA EN INFANTIL

Tal e como se explicou no caso da primaria, x alumnx transportado diríxese a súa zona de referencia sempre e cando non chova e aínda que faga frío.



ZONA 1: Sección de equilibrios e casetas.

ZONA 2: Areeiro.

ZONA 3: Cociña e módulos de plástico.

A primeira hora da mañán, o alumnado de 6º Inf. (A-B) só pode ocupar a zona nº 1, o alumnado de 5º de inf. a zona nº 2 e o alumnado de 4º de Inf. a zona nº3 e así tódolos días no que respecta á entrada. Cada zona subdivídese en dúas subzonas, e nelas se colocan os dous grupos Ae B de cada nivel.

#### ORGANIZACIÓN DA ENTRADA AO COLEXIO: ALUMNADO TRANSPORTADO E NON TRANSPORTADO

##### EN PRIMARIA

- **O alumnado que ven transportado**, unha vez que chega ao colexio, ten que dirixirse á súa zona de referencia.

**Respecto ao alumnado que non ven transportado:** A Consellería establece que as familias non poden entrar ao recinto, a excepción daquelas que acompañen ao alumnado de educación infantil (dos que xa falaremos máis adiante).



No caso do alumnado de primaria: entran dende o portalón grande, as familias permanecen fóra, permitirase esa entrada de xeito escalonado pero nunca antes das 9:00 para priorizar antes a organización do alumnado transportado. Haberá como mínimo, se a organización do centro o permite, dous mestres máis na entrada para recibir xsnenxs non transportadx; xs acompañan/dirixen á zona de referencia que lles corresponde (a diferenza do alumnado transportado que entra pola beirarrúa). Ás 9:00 os mestrxs que imparten docencia a primeira hora baixan ás zonas onde está o alumnado do grupo que lles corresponde; esperan con este grupo fóra ata as 9:10 para así organizar a súa entrada no recinto.

Todo o alumnado ten que hixienizar con solución hidroalcohólica ou lavar con auga e xabón as mans tan pronto como accedan ás aulas.

Ás 9:10 h. soará timbre, momento para que o alumnado se dirixa á aula que lle corresponde segundo o seu curso. Prestarase especial atención a que a entrada se faga de xeito escalonado e respetando as medidas de seguridade.



#### **ENTRADA N°2:**

- 1º) 6ºA (lado da biblioteca)
- 2º) 6ºB (lado aulas de infantil)
- 3º) 4ºA (zona teatro)
- 4º) 4ºB (zona caseta baixa)
- 5º) 3ºA (metade pista baloncesto)
- 6º) 3ºB (outra metade pista baloncesto)

**Os primeiros grupos en entrar serán os máis próximos a cada unha das portas de entrada, así evitamos aglomeracións innecesarias:**

#### **EN PRIMARIA:**

##### **ENTRADA N°1:**

- 1º) 5ºB (zona da entrada) son os primeiros en entrar.
- 2º) 5º A.
- 3º) 1º A (pista de fútbol sala).
- 4º) 1º B (outra metade da pista de fútbol sala).
- 5º) 2º A (patio cuberto cara o graxe)
- 6º) 2º B (patio cuberto cara as pistas de baloncesto)

## EN INFANTIL:



En infantil temos catro portas de entrada ben diferenciadas.

- Na entrada nº1 e nº2 entra o alumnado de 3 anos (cada grupo ten a súa porta de entrada propia).
- Nº3: é a entrada do alumnado de 4 anos A.
- Nº 4: Primeiro entra 4 anos B, despois 5 anos A e finalmente 5 anos B.

Haberá unha mestra que apoie nas entradas e nas saídas da PORTA Nº 4 en atención exclusiva ao alumnado de Ed. Infantil.

- **O alumnado transportado** entra acompañado polo profesorado que lle corresponda garda de transporte e vai a súa zona de referencia. Ás 9:00 cada mestre de infantil vai á zona a buscar ao seu alumnado e esperan a que soe o timbre, 9:10 momento no que comeza a entrada ás aulas.



- **O alumnado non transportado** entra pola beirarrúa (coma ata o de agora),

as 9:00 h. (sen acompañantes), e dirixese á súa zona de referencia no patio.



- **O alumnado non transportado de infantil**, acompañado de un adulto, pode entrar ao recinto tan pronto como soa o timbre das 9:10, entran pola parte ancha e acompañan ao alumnado á zona de entrada da aula para que se incorporen ao grupo. Tan pronto como entren as familias co alumnado de infantil péchase o portalón e o único acceso de entrada-saída será a porta pequena. Os acompañantes deberán facer uso da máscara.

En caso de que chova o alumnado transportado (e o que chega a partires das 9:00) sube directamente ás aulas (o profesorado de garda de transporte espera, coas aulas abertas, a que sexan as 9:00 e acuda x mestrx que lle corresponda por horario). O resto entra de maneira progresiva a media que chegue, xs mestrxs que non impartan docencia na primeira hora coordinarán as entradas.

No que respecta as quendas de transporte do profesorado, será unha continuidade das establecidas anos atrás, a maiores faremos quendas cada día para ter dous mestrxs na entrada que supervisan ao alumnado non transportado. **Todo o profesorado entra ás 9:00 en lugar de facelo ás 9:10.** (o profesorado ao que non lle toque quenda de transporte nin atención ao alumnado a 1ª hora da mañán estará a disposición da xefatura de estudos para cumprir coas ratios das quendas de entrada e vixilancia; este ano de seguro que vai a ser preciso algún axuste que se debe contemplar nesta base normativa).

No que respecta ás **SAÍDAS** o procedemento será o mesmo pero á inversa; como no noso centro temos varias portas de entrada-saída estas serán escalonadas; só se permite a recollida do alumnado por un/ha adultx, **estxs esperarán fóra tal e como indica a norma da Consellería.** Será o mestrx que imparta docencia na última sesión con ese grupo quen acompañe ao alumnado á saída para que sexan recollidxs polx adultx responsable. A saída do alumnado de primaria faise pola parte ancha do portalón (por onde entran e saen os coches). Evitarase facer “corrillos” que ralenticen a evacuación do alumnado; infantil sae pola beirarrúa acompañados polos responsables autorizadxs.

As familias que recollan ao alumnado de **Educación Infantil** o fan **a 13:50h** e nas mesmas zonas que ata o de agora. Pero só un acompañante por nen@ e sempre con máscara.

#### ENTRADAS DE FAMILIAS FÓRA DO HORARIO DE ENTRADA ESTABLECIDO:

No caso de que unha familias veña tarde por calquera situación persoal, ou teña que entrar a outra hora ou deba recoller a un alumno, non poderá ir ás aulas, tense que chamar ao porteiro automático e ir ao edificio administrativo, será o persoal do centro quen acompañe ou entregue ao alumnado nas aulas.



CAMIÑOS  
AUTORIZADOS  
PARA RECOLLER  
AO ALUMNADO  
DE EDUCACIÓN  
INFANTIL

**1º e 2º de educación primaria, saen ás 14:00 h.**

**3º e 4º de educación primaria saen ás 14:05 h.**

**5º e 6º de educación primaria ás 14:10 h.**

O alumnado de primaria vai ao portalón de fóra acompañado polx mestrx co que estiveron na última sesión da mañán, será estx quen faga a entrega ás persoas autorizadas. Rogamos puntualidade para evitar as aglomeracións, se escalonamos as saídas é en beneficio de todxs e só ten sentido se respetamos as quendas.

- Para a organización das entradas e saídas, así como no que respecta á concienciación de hábitos de hixiene e distanciamento físico colocaranse carteis informativos nas entradas.

- Despois do arriba indicado queremos destacar que se produce unha modificación no horario de entrada do profesorado para que se atenda as necesidades concretadas no presente protocolo (temos que entrar antes respecto de como se facía, as 9 en vez das 9:10).

## 9. MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E AS ANPAS.

- Servizo de madrugadores: A ANPA organiza este servizo, en función dun numero mínimo de usuarios.

- Actividades extraescolares: A ANPA organiza as actividades extraescolares, que leva a cabo á empresa Exodega. Esta empresa ten que presentar un protocolo covid, en base ao Anexo VI do protocolo covid da Xunta, e comprometerse a o seu cumprimento.

.- Xuntanzas de ANPA e Consellos Escolares:

Celebraranse, preferentemente, de xeito telemático. De facerse presencial, realizarase coas medidas sanitarias pertinentes e preferentemente no exterior.

.- Xeito de realizar as titorías coas familias.

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a titoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección, e preferentemente no exterior. Evitaranse os momentos de entradas e saídas, intercambios de clase e o recreo.

As plataformas para manter as titorías telemáticas son: webex, plataforma que xa se empregou ao longo do confinamento do pasado curso escolar, e abalar móbil.

.- Normas para a realización de eventos.

Durante o curso escolar 2021-22, os eventos non estarán abertos para as familias de xeito presencial, evitaremos as aglomeracións pero darémolles continuidade aos distintos proxectos e celebracións centrando o protagonismo no noso alumnado; as medidas de seguridade concretaranse, no seu caso, en base á normativa e ao deseño dos diversos proxectos, e realizaranse, sempre que se poda, ao aire libre.

## 10. MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

(Recoméndase a lectura do punto 1 no que respecta aos grupos estables de convivencia).

.- As características do noso centro educativo impiden a entrada dos autobuses dentro do centro. A organización do alumnado nas estradas xa queda concretado entre o arriba indicado e as instrucións da Consellería.

.- O alumno transportado ocupará sempre o mesmo posto na súa liña de transporte, así facilitarase o



rastrexo en caso de que se produza algún contaxio.

O profesorado acompañará aos grupos ás zonas de referencia nas quendas que se contemplan na P.X.A. Zonas de vixancia do profesorado para atender ao alumnado transportado.

## 11. MEDIDAS DE USO DO COMEDOR ESCOLAR

(Recoméndase a lectura do punto 1 no que respecta aos grupos estables de convivencia)

Organización das mesas, ubicación do alumnado e quendas.

.- Facemos un chamamento á colaboración e á responsabilidade xa que este ano é preciso que só faga uso deste servizo o alumnado que realmente o necesite.

.- Tal e como se decreta na instrución, os usuarios do comedor escolar están ubicados nas súas mesas correspondentes e coa separación axeitada, mantéñense os grupos estables e non se mesturan por cursos, asígnanse colaboradorxs estables para atender sempre aos mesmos grupos de alumnado (na medida das posibilidades organizativas). Ao tempo os postos a ocupar polo alumnado serán sempre os mesmos, só poden quitar a máscara cando estean sentados nas cadeiras e dispostos para comer, teñen que levar un estoxo onde gardan a máscara mentres comen e unha vez que rematen a teñen que volver a poñer; tal e como consta na instrución que envía a consellería). A tal efecto aconséllase que lle poñan o nome ao estoxo, no caso de poñerllo ás máscaras sempre nun lateral para non danar as fibras protectoras das mesmas).

.- Accións concretas para reducir o tempo do servizo de comedor:

O protocolo que se tiña elaborado no noso centro facía fincapé en lograr unha autonomía progresiva por parte do alumnado no que respecta as tarefas de: transporte de bandexas, cubertos e momento de comida... esta labor pedagóxica, de acompañamento e de búsqueda da autonomía persoal dificultase pola necesidade de acortar os tempos para darlle servizo a todo o alumnado.

A lista de comensais diarios de comedor pasarase ao recoller ao alumnado nas suas aulas ou zonas de referencia ; x colaborador/a de referencia ao grupo será quen se encargue desta tarefa, logo depositarán a folla de control nos casilleiros que hai para tal efecto no propio comedor escolar.

O alumnado de educación infantil, primeiro e segundo de primaria que come no comedor finaliza a súa xornada lectiva ás 13:50 e 14:00 h. Xs colaboradorxs responsables deses grupos serán quen os acompañen ao comedor; son os primeiros en entrar para que se atopen co comedor en calma e para eles sos. Lavarán as mans antes e nas aulas cxs mestrxs e irán ao comedor con máscara e o estoxo para gardala, só poden quitar a máscara cando estean sentados para comer.

Establécense **dúas quendas** que se detallarán máis abaixo. Antes de que remate a primeira soará un estímulo sonoro que indica que quedan 10 minutos para que a quenda remate, tamén prevé aos que están no patio. Con ese primeiro estímulo sonoro comezará a saír o alumnado que xa comera (cada comensal sae pola porta que lle corresponde en función da zona de patio fixa; cando se repita a sinal sonora entran no comedor grande xs comensais da segunda quenda. O alumnado ao que non lle corresponde comer por quenda ten que esperar na zona do patio de referencia (a que se delimita para a entrada) e coas máscaras postas. Os da última

quenda, cando rematan de comer, esperan no seu posto para saír (xa non van as zonas de recreo asignadas), diríxense á fila de transporte que lle corresponde coas máscaras postas.

No intervalo entre quenda e quenda se procede a desinfección de mesas e cadeiras, aínda que ocupen cadeiras diferentes (marcadas por cores) tense que hixienizar entre quenda e quenda todas as mesas e cadeiras, e a ventilación do espazo.

O labor dxs colaboradorxs é o de acompañar durante a comida procurando que sexa un momento de disfrute e non de frustración; estarán pendentes das necesidades do alumnado para poder cubrilas (principalmente as dos máis pequenos que son quen precisan un maior apoio no que respecta a adquisición de certa autonomía relacionada co hábito do momento de comer); procurarán que se continúe con esa labor de autonomía progresiva, convidarán a que o alumnado probe os distintos alimentos, experimente coas diferentes texturas, sabores, aromas...

Tendo en conta que se reducen os espazos para manter a distancia de seguridade mencionada na instrución, establecemos quendas para dar servizo a tódolos comensais. Empregamos imaxes nas que se recordan as quendas e os postos a ocupar por cursos. A maiores das quendas o alumnado entrará de xeito escalonado como xa mencionou no que respecta ás saídas:

- Ás 13:50 e 14:00h. O alumnado de Infantil, 1º e 2º de primaria é recollido polxs colaboradorxs de comedor, comeza a rutina de lavado de mans, logo diríxense aos seus posto para comer; nesta primeira quenda tamén come o alumnado de 3º nembargantes entrará a partires das 14:05 (deste xeito non se mestura nin cos que vas as súas casas, nin co resto de compañeiros que entraron tamén na primeira quenda pero ás 14:00 h.)

1ª QUENDA: DE 14:00 a 14:35-14:40 (Ás 14:40 soa o estímulo sonoro para que os da 1ª quenda saian , a segunda quenda se prepara para ir ás entradas pero sen achegarse a elas xa que as están a usar os da primeira quenda. Ás 14:50 segundo estímulo sonoro, entran os da segunda quenda).

2º QUENDA: DE 14:55 A 15:25. A quenda ao completo espera no comedor ata o momento de saír.

#### COMEDOR PEQUENO

78 postos por quenda	QUENDA .1 VERDE	QUENDA 2. AZUL
MESA 1. 15 postos	INF. 3 ANOS A	
MESA 2. 12 postos	INF. 3 ANOS B	
MESA 3. 15 postos	INF. 4 ANOS A-B (SEPARADOS)	
MESA 4. 18 postos	INF. 6 ANOS A	6º B
MESA 5. 18 postos	INF. 6 ANOS B	6º B

#### COMEDOR GRANDE

100 postos por quenda	QUENDA 1. VERDE	QUENDA 2. AZUL
-----------------------	-----------------	----------------

MESA 1.	12 postos	1º A	4º A
MESA 2.	12 postos	1ºA	4º A
MESA 3.	12 postos	2ºA	5º A
MESA 4.	12 postos	2ºA	5º A
MESA 5.	14 postos	3º A	5º B
MESA 6.	14 postos	3º A	5º B
MESA 7.	14 postos	3º B	6º A
MESA 8.	10 postos	3º B	6º A

O alumnado da primeira quenda ten que ocupar as cadeiras VERDES, o alumnado da segunda quenda as AZUIS. Estableceremos o mesmo posto fixo para o alumnado que come a diario no comedor; os usuarios que non sexa fixos ocuparán os restantes pero que coincidan coa cor da súa quenda e coa mesa do seu grupo-clase. No caso de precisar postos da primeira quenda deben ser debidamente hixienizados tanto as cadeiras como as mesas, tamén se poderán empregar as mesas e as cadeiras reservadas para xs mestrxs.

As familias que recollen ao alumnado despois de comer (os que non son transportados) teñen dúas opcións de recollida do alumnado:

.- De 15:00 a 15:15.

.- 15:45-16:00. Despois da saída das liñas de transporte.

Será x encargadx de comedor quen se dirixa ao portalón para ver que familias están para recoller x nenx. Fará a entrega en grupos reducidos respetando as distancias de seguridade.

X encargadx de comedor avisa a cada colaboradorx a cargo dos grupos de referencia para que deixe constancia nas listas que nenx se entregou a que adultxa utorizadx.

Todo o regulado respecto ao comedor escolar é conforme á normativa:

.- O uso do comedor escolar quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado por 1,5 metros de distancia, ou 1 metro sempre que non estean encarados.

.- O alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza.

.- O persoal colaborador respectará as ratios que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas. O persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quendas.

.- O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.



- O persoal de cociña elaborará un plan de desinfección que se axuste á situación e que complementará o presente protocolo.

En caso de que chova:

- 6º de Inf. A e B: ximnasio.

- 4º de Inf. Audiovisuais (separados por grupos A e B).

- 5º de Inf. Corredor de infantil (espazo que ata o de agora se empregaba na aula matinal) “edificio grande” (separados por grupos: A e B)

- Primaria: zonas cubertas das zonas establecidas para primaria.

- 1ºA de primaria (zona da caseta; a de 4ºA), 1ºB (zona do teatro; a de 4ºB).

- 3ºA (zona exterior de 6ºA), 3ºB (zona exterior de 6ºB).

## 12. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

Nas aulas de especialidades nas que polo seu tamaño, ou o reducido número de alumnado, se poda desinfectar e ocupar outros postos con seguridade, poderán ser utilizadas polxs especialistas que as teñen asignadas sempre e cando se cumpran os seguintes requirimentos:

Entre grupo e grupo se empregarán postos, zonas e materiais diferentes nas distintas sesións da mañán.

Os espazos e os materiais teñen que desinfectarse ao remate de cada sesión.

Ventilarase a sala un mínimo de 5 minutos tras cada sesión.

- INGLÉS

Os mestres especialistas de inglés en infantil son os que van ás aulas de referencia do alumnado. En primaria o grupo clase van á aula da especialidade, respectando ás medidas establecidas para tal efecto nas aulas de uso compartido de desinfección e ventilación.

- BIBLIOTECA:

Establecese un protocolo de uso da biblioteca:

Debido ás circunstancias actuais modificarase o uso da nosa biblioteca:

1. ORGANIZACIÓN E HIXIENE:

XERAIS:

- Abrocho: 50%

- Distancia social : a estipulada polas instrucións xerais.

-Hixiene habitual en tódolos espazos comúns do centro do centro.

#### ESPECÍFICAS:

- Coller un libro de cada vez das andeis coas mais limpas; ao rematar devolvelo do mesmo xeito.
- Os libros non deben saír da biblioteca ou das clases; excepto os que van as casas dos alumnos.
- Os libros devoltos permanecerán na caixa de cuarentena como mínimo 24 horas.
- Estarán marcados os postos de lectura que se poden utilizar.
  
- Polo de agora non poderá funcionar o recanto dos xogos compartidos.
  
- A biblioteca non funcionará na hora dos recreos.

#### 2.-PRÉSTAMOS

Cada titor@ realizará o préstamo para a casa na hora de titoría que se asignará. Para tal efecto seguirán tendo as carpetas que serán postas en corentena nas aulas.

Para a hora de ler encargaranse de elixir e rexistrar os libros que leven a aula. Tamén farán a devolución deixándoos na caixa de corentena.

Farán o mesmo con todos o libros e materiais que precisen para a aula en todo o momento do currículo.

Seguirá funcionando se os titores queren o préstamo das mochilas viaxeiras.

#### 3.-PROTOCOLO DE USUARIOS NAS TITORÍAS

Farase un horario distribuíndo as horas de titoría tendo en conta os seguintes aspectos:

- Será quincenal
- Cada día dúas titorías.
- Contarán con dúas sesións contiguas para préstamo e investigación tendo sempre en conta o tempo necesario para limpeza e hixienización.
- Cada alumno deixará limpo o seu posto.

#### 4.- FORMACIÓN DE USUARIOS

- O equipo informará do funcionamento da BE aos novos profesor@s e recordará aos que o precisen .
- Será o equipo ou titores os encargados de formar aos alumnos.

#### 5.-FORMACIÓN DUN GRUPO ESTABLE DE ALUMNOS VOLUNTARIOS:

É importante para os nenos e a comunidade educativa a existencia de este equipo; dadas as circunstancias actuais as súas funcións serán adaptadas segundo as necesidades:

- Organización de espazos.
- Limpeza de materiais.
- Actividades no blog: recomendacións, lecturas, representacións contos...
- Contacontos a través da megafonía da escola ou no exterior do cole...etc...

Serán formados polo equipo de biblioteca...

## 6.- INAUGURACIÓN E ACTIVIDADES ESPECIAIS

Non está no noso ánimo prescindir de tódalas actividades, polo que significan para todos nos afectivamente; por iso, de ser posible faránse axeitadas ao que vaia xurdindo.

### .- HORTA

A “Leira de Carrás” é un espazo inclusivo no que abordamos globalmente as etapas de E.I. e E.P., e os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais dos distintos ámbitos e áreas.

Nesta particular situación que estamos a vivir, adecuaremos as actividades realizadas xa sexa nas distintas aulas como na propia horta, ao Protocolo Covid 19 publicado pola Xunta de Galicia.

Teremos en conta, entón, e adoptaremos todas as medidas de prevención que no citado documento aparecen sinaladas mediante a organización de grupos estables de convivencia que realizarán as distintas tarefas en sitios ben diferenciados e por quendas; extremaremos as medidas de desinfección e limpeza nas entradas e saídas da horta...e seguiremos na medida do posible todas as directrices que no devandito protocolo se enumeran para garantir a seguridade do noso alumnado e da Comunidade Educativa en xeral.

Dado que deberemos adaptar o traballo ao tempo meteorolóxico, as tarefas da horta que se corresponden nunha época do ano determinada, aos horarios das distintas aulas, a evolución da pandemia...a presente adaptación ao Protocolo Covid 19 da “Leira de Carrás” queda vinculada as futuras accións e programacións.

### .- MÚSICA

Seguimos neste curso 2021-2022 a ser un ano no que a materia de música perde moitísimo valor polas circunstancias nas que temos que traballar o profesorado especialista desta materia. A duración das clases verase reducida polo tempo de ventilación, os obxectivos a nivel grupal son imposibles de levar a cabo e o manexo instrumental e a interpretación vocal verase moi mermada. Todo isto repercute na calidade da educación musical do alumnado.

Seguindo a normativa establecida pola Xunta, somos os mestres os que temos que redactar un “protocolo covid” para a prevención da enfermidade nos centros. Nembargantes, sería preciso que fora un profesional en prevención de riscos laborais o que o redactase, coa cualificación necesaria. Tendo en conta que non somos especialistas na materia e polo ben e seguridade do persoal e alumnado do centro, as medidas a empregar na aula de música serán as seguintes:

- Ventilación mínima de 15 minutos ao inicio da xornada escolar e entre sesións con diferentes grupos
- Limpeza de calzado no felpudo covid, situado na entrada da aula.
- Uso obrigatorio e correcto da máscara en todo momento para o alumnado de primaria.
- Hixiene das mans: lavado con xel hidroalcohólico, polo menos durante 20 segundos, na entrada e saída do alumnado.
- Uso de papeleira covid con bolsa interior para panos de papel ou máscaras desbotables.
- Uso exclusivo do material audiovisual e informático por parte do mestre especialista de música.
- Manterase en corentena todo aquel material instrumental que use o alumnado antes do seu uso por parte doutro grupo.

Tal e como explica o protocolo COVID da Xunta de Galicia “En de. Infantil e Primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro.” Por iso, na realización da materia de música manterase unha distancia mínima de seguridade de 1,5 metros entre o alumnado sempre e cando sexa posible na realización da actividade. Ademais, en de. Infantil, traballarase cos grupos estables de convivencia establecidos por cada titoría (grupos de ata 5 alumnos), mantendo unha distancia de 1,5 metros respecto dos restantes equipos.

Todas estas medidas serán obxecto de estudo e mellora ao longo do curso e adaptaranse, cambiaranse, eliminaranse ou incrementaranse en caso de ser necesario.

#### .- RELIXIÓN

O alumnado irá con máscara, a aula de relixión é xunto con dúas aulas en infantil as únicas que garanten o cumprimento da distancia mínima de seguridade que estipula a O.M.S.

Respectarase o protocolo establecido pola Xunta relativo ás aulas compartidas por diferentes grupos estables, tanto na desinfección como na ventilación.

#### .- EDUCIÓN FÍSICA

*Adaptación das INSTRUCCIÓNS POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓN COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSEJO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G Nº 174 BIS DO 28-08-2020) E A ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓN SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021*

*Esta adaptación contempla os concreción das instruccións anteriores ao contexto de dunha actividade presencial inmediata. Queda suxeito as variacións que a evidencia practica da realidade presencial aconselle e que non foran previstas ata o momento, así como as que suxira calquera autoridade educativa ou sanitaria.*

*Non se fai mención a circunstancias de realidade non presencial xa que o protocolo sitúa o desenvolvemento das aulas virtuais e ensino a distancia (apartado 29) para desenvolver nos centros nas*

*próximas semanas e está totalmente pendente o desenvolvemento do punto 30.3 referente a medidas a adoptar no suposto de que o alumnado teña que recibir ensino a distancia.*

## **-MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS**

### **1. Principios sanitarios básicos**

*Aplicaranse as indicadas nas adaptacións do protocolo presentadas pola dirección do centro.*

### **2.-Medidas de protección individual: prestaráse especial atención aos seguintes puntos**

*-A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.*

*-A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.*

*-Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tусir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.*

*-Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia o clases, así como as que exixan unha especial proximidade.*

*-Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.*

*-As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.*

*En consonancia co anterior o uso, e acceso, aos cuartos de material do ximnasio queda restrinxido ao profesorado de Ed. Física.*

### **4 Medidas xerais de limpeza nos centros:**

**4.1.1.** *Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día.*

**4.1.2.** *Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares.*

*De non ser posible o cumprimento destes aspectos, non se fará uso dos vestiarios: bancos, perchas, zona de duchas; así como o uso dos aseos, desprazándose, caso de necesidade, aos de uso xeral do centro.*

**4.2-** *Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias:*

**4.3.** *Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) ventilarase a aula ou sala polos menos 15 minutos logo de cada sesión.*

*Dadas a características arquitectónicas do noso ximnasio e a súa dificultade para unha correcta ventilación e renovación do aire, cando teña que ser utilizado procederase a súa ventilación de 15 minutos entre clases realizando actividades complementarias no exterior, durante este tempo, e no caso*

de que a meteoroloxía non o permita, desprazaranse á súa aula ordinaria atendidos polo profesorado de Ef.

## 5. Medidas xerais de protección colectiva

5.1. O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.

5.2. En todas as aulas, na zona máis próxima á porta da mesma, colocárase un dispensador de xel hidroalcohólico.

## 6. Consideracións especiais doutro tipo de aulas

6.1. Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

6.2. O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase

6.3. En cada unha das materias adaptárase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evítase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros

6.4. No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimízase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidárase especialmente do uso da máscara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

*Haberá que estar atentos a posibles indicacións específicas para a materia de Ed. Física porque co indicado nos puntos anteriores , a indefinición sobre as actividades de contacto, a indicación expresa en 6.3 de evitar a formación de grupos... imposibilita o desenvolvemento dunha programación que se aproxime aos obxectivos e contidos xerais desta materia.*

*(\*)Os subliñados destacan algún aspecto a ter en conta . o texto en cursiva pertence a adaptacións ou aportacións do centro o restante coincide coas INSTRUCCIÓNS POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓN COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSEJO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G Nº 174 BIS DO 28-08-2020) E A ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓN SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021.*

.- DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN, P.T E A.L

Medidas para o uso de espazos de PT e AL, Dep. Orientación e aulas especiais do centro:

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas, adóptase as seguintes medidas:

ˆEmprego de máscara como norma xeral.

~Como o punto anterior non sempre pode ser cumprido debido ao traballo específico que se realiza, nas aulas de PT e AL valórase o emprego de mamparas de protección

~Así mesmo aconséllase ao profesorado destas aulas o emprego de viseiras protectoras /pantallas

~Do mesmo xeito tamén se valora prever de viseiras protectoras/pantallas ao alumnado que acuda a estas aulas

~Entre cada sesión con presenza de alumnado nestas aulas realizarás unha ventilación de 5/10 minutos e unha desinfección/limpeza dos elementos empregados

~No caso de que sexa posible, a maiores da desinfección, procurarse que o alumnado ocupe os postos que non se empregaron na sesión que os precede así como se procurará a utilización de elementos diferentes en cada sesión. Para isto será necesaria unha boa organización e planificación da actividade así como unha mellora na dotación de recursos.

~Para unha mellor organización, planificación e por ende mellor control dos procesos e dadas as disposicións das aulas, éstas serán ocupadas por un máximo de dous nen@s por sesión e estos pertencentes sempre ao mesmo grupo de aillamento

~O acompañamento do alumnado que acudirá ás aulas será realizado polos especialistas respectivos que irán a buscarlles á entrada das súas aulas de referencia sen entrar. No percorrido respetarase a distancia de seguridade e realizarse a hixienización de mans nas entradas e saídas á aula. No caso de alumnado de nee que teña coidador/a será ésta a persoa aconsellable de acompañamento nos desprazamentos e nos procesos de hixienización.

~Apuntar que, con todo, a situación de itinerancia do profesorado pode favorecer nun momento determinado a propagación da infección. Deberáanse extremar as medidas.

Do mesmo xeito, sinalar que estas medidas serán flexibles en función da evolución da pandemia e das instrucións que nos vaian indicando.

.- INFANTIL

#### ORGANIZACIÓN DA AULA-GRUPO CLASE:

-En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estancidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo

- Na etapa de Educación Infantil, na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. O grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

- Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo.

- Para o xogo en recantos delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo e como dos materiais. Estes materiais non serán de moitas pezas e serán de fácil desinfección.

Tratarase de iniciar a xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico.

Debe terse en consideración que o uso do xel hidroalcohólico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que no caso dos dispensadores non deben de ser accesibles sen supervisión. **Priorizarase o uso de auga e xabón.**

As pertenzas individuais, roupa e material colocarase do xeito mais individualizado posible: abrigos e mandilóns cada un na súa percha , e a bolsiña do almorzo e botella de auga permanecerán na mochila de cada neno.

Antes e despois de usar materiais compartidos procederase a hixienizar as mans.

#### MERENDA :

- A merenda realizarase de xeito individual en grupos burbulla e en espazos diferenciados. No caso de ser posible no patio exterior, na zona de recreo que lles corresponda, para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita.

#### USO DOS ASEOS:

O uso dos aseos estará limitado a unha soa persoa. O alumnado deberá hixienizar as mans á entrada e a saída do mesmo.

#### RELACION COAS FAMILIAS

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. No caso de ser presencial, cumpriranse as medidas de seguridade, e preferentemente realizarase no exterior, no horario establecido para tal fin na organización xeral do centro e non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos.

#### EDUCACIÓN A DISTANCIA:

No caso de confinamento dun/s grupo clase, dadas as características do noso alumnado, levaremos a cabo un traballo alternativo ás aulas virtuais. As mestras prepararán un caderno de traballo para facer na casa, con actividades que abarquen todas as áreas e contidos de aprendizaxe.

Ademais dese caderno de traballo, ás mestras comunicaranse coas familias a través da app Abalar, do email persoal de cada docente , por vía telefónica ou a través da plataforma Cisco Webex.

En 1º e 2º de educación primaria acordase o emprego de abalar móbil , cada venres se enviarían tarefas semanais, as comunicación son: vía e-mail e cisco webex por grupos de 5 aprox. Catro días á semana con unha duración de unha hora aprox. Tamén nos comunicaremos vía telefónica. No caso de confinamentos selectivos, só de algunha familias, o anterior indicado se faría un día pola tarde para compaxinar a ensinanza presencial coa telemática.



## .- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Son aquelas actividades que se ofertan ao centro a través de diferentes institucións e asociacións, ademais das festas e actos culturais na escola.

### ●Saídas en horario lectivo.

Realizaranse todas aquelas que o profesorado considere de interese, sempre que as normativas dos organizadores sexan compatibles coas nosas posibilidades.


### ●Festas e actos culturais.

Celebraranse no exterior e sen asistencia de público e , no caso de non poder facelo chegado o momento, cuestionaríase a posibilidade de realizalas en grupos estables de convivencia no interior ou cancelalas.

## .- GARAXE:

Para favorecer a entrada do alumnado de xeito espaciado e permitir que se manteña a distancia de seguridade e así garantir o distanciamento físico, queda prohibido aparcas nas zonas que non están habilitadas para tal efecto; débese prestar especial atención a rampa de entrada ao colexio.

No que respecta aos espazos comúns e aos aseos remitímonos á normativa decretada na instrución, hai aseos suficientes por zonas e alumnado polo que non vemos preciso concretar alén do xa establecido.



## .- USO DOS ASEOS:

.- O uso dos aseos estará limitado a unha soa persoa. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo. Para saber se o aseo está ou non ocupado deixarase a porta de entrada (a de fóra, non as de dentro) do aseo:

- aberta: no caso de que xa quede libre.
- pechada: se está ocupado.

Esta norma aplicarase a tódolos aseos do centro educativo xa que en todos eles hai porta exterior que conduce aos corredoiros e porta interior nos aseos.

- Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.

- O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar un dos aseos: os do edificio administrativo.

- Nos casos de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas

## 13. MEDIDAS ESPECIFICAS PARA OS RECREOS:

A organización dos recreos establecerase en base á normativa vixente, que no momento do inicio escolar establece que nos momentos de lecer, mantendranse os grupos estables de convivencia das aulas e niveis, seguindo á normativa vixente, e se a transmisión é moi baixa, previa autorización das autoridades pertinentes, permitirase que os grupos de convivencia estable interaccionen con outros do mesmo curso, sobre todo ao aire libre.

Poderán compartirse obxectos coas medidas de hixiene necesarias.

### RECREOS EN PRIMARIA:

Para a saída aos recreos estableceremos zonas de xogo, cada zona se subdivide en dúas para A e B, que rotarán diariamente , e semanalmente de forma inversa, para que todos pasen por todas as zonas :

- Os grupos A, irán as súas zonas de patio asignadas, as cales serán de carácter rotatorio:

1ªA o luns vai á zona 1.A, o martes á zona 2.A...

2ªA o luns vai a zona 2.A, o martes á zona 3.A

3ªA o luns vai a zona 3.A, o martes á zona 4.A...

- Os grupos B , irán as suas zonas de patio asignadas:

1ªB o luns vai á zona 1.B, o martes á zona 2.B...

2ªB o luns vai a zona 2.B, o martes á zona 3.B

3ªBo luns vai a zona 3.B, o martes á zona 4.B...

Unha vez pasen por todas as zonas da súa letra, cambian e lles tocan as da outra letra de forma consecutiva e rotatoria.

### QUENDAS DE VIXIANCIA DOS RECREOS

En primaria faremos dous grupos de vixiancia de 7 mestrxs por quenda. No seguinte plano detallamos os postos de vixiancia que se cubren por mestrx.



LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Grupo A	Grupo B	A /B alternativo	Grupo A	Grupo B

#### RECREOS EN INFANTIL:

A estrutura do reparto é a mesma que se estableceu en primaria, sistema rotatorio por zonas e grupos de burbulla, un por aula, para que o alumnado se poida enriquecer das diversas estruturas das que dispoñemos no patio de infantil as zonas son rotatorias. Será tarefa dxs mestrxs traballar nas rutinas da mañán a zona a que lles corresponde ir en base ao día da semana no que nos atopemos e a zona que lles toque.

En caso de chuvia como ata o de agora (nas aulas de referencia sempre e cando sexa intensa).

#### Zonas:

1. Cocinita

2. Musical

3. Cabanas

4. Torre

5. Circuitos

6. Areeiro



Rotativo os mércores para que poidan pasar por todas as zonas:

**Semanas de recreos A**

	LUNS	MARTES	MÉRcores	XOVES	VENRES
3 anos A	5	1	3	6	2
3 anos B	6	2	4	5	1
4 anos A	1	3	5	2	4
4 anos B	2	4	6	1	3
5 anos A	3	5	1	4	6
5 anos B	4	6	2	3	5

**Semanas de recreos B**

	LUNS	MARTES	MÉRcores	XOVES	VENRES
3 anos A	5	1	4	6	2
3 anos B	6	2	3	5	1
4 anos A	1	3	6	2	4
4 anos B	2	4	5	1	3
5 anos A	3	5	2	4	6
5 anos B	4	6	1	3	5

## 14. MEDIDAS ESPECIAIS PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA

- Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico. Procurarase que a limpeza das mans se faga con auga e xabón.

- Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo.

- Para o xogo en recantos (ambientes) delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo como dos materiais. Estes materiais non serán de moitas pezas serán de fácil desinfección.

- A merenda realizarase de xeito individual en espazos diferenciados. No caso de ser posible no patio exterior para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita.

- Nos recreos débese reforzar a vixiancia. Os elementos de xogo de plástico da parte traseira deben ser desinfectados cando remate a primeira quenda e para que estén hixienizados para a segunda (só para infantil).

- Os obradoiros serán adaptados a grupos máis reducidos e procurando a desinfección do material despois de cada uso.

## 15. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO DE NEE

.- Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitarase as interaccións dos grupos.

.-O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira no respectar a distancia de seguridade.

.- No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esberrar ou tuser, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

.- O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

.-O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

## 16. PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

- Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplar no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

- O profesorado deberá dispor dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

-En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

- Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos. Preferentemente se utilizarán a tal efecto os espazos no exterior; no caso de ter que realizarse no interior empregaremos espazos amplos e ventilados: aula de informática, sala de mestres, aula de audiovisuais e a biblioteca.

- O equipo directivo determinará o aforo máximo de salas de profesores e departamentos que permita cumprir a distancia de seguridade, con carácter xeral, de 1,5 metros, marcando os espazos susceptibles de utilización e lembrando a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou máquinas expendedoras.

Na realización de reunións de titorías priorizarase o recurso á reunión non presencial mediante videochamada ou teléfono. Cando a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos para este tipo de reunións onde se garantirán os criterios de seguridade xunto coa dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans

## 17. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

.- Para non caer en redundancias e duplicidades remitámonos ás concrecións que se detallan ao respecto no P.E.C

.- Educación en Saúde

O equipo COVID debe asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.

Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.

Enviarase a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.

Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

.- Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

.- A tal efecto, desenvolveranse iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable nos centros educativos a través dun gran abano de programas como son o Plan proxecta e Contratos-programa, entre outros. Estas e outras actuacións desenvolveranse desde unha perspectiva interdisciplinar e baixo as dúas liñas marcadas:

a) Hábitos de alimentación saudable.

b) Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

.- A Consellería de Sanidade e o SERGAS impartirán a través da presenza de profesionais no centro ou mediante fórmulas de teleformación, a formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2021/2022 incluíranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.

## 18. AULAS VIRTUAIS E ENSINO A DISTANCIA

.- As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a

discreción do centro educativo. Nos cursos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, ofrecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

.- Para que o alumnado se familiarice co funcionamento das aulas virtuais incluíranse na programación de aula cando menos unha actividade quincenal a través desta plataforma da Aula virtual, comezaremos con elas ao longo do mes de setembro.

.- Convén ter un listado actualizado dos medios tecnolóxicos do alumnado por titoría; do mesmo xeito tamén deben constar as necesidades do profesorado.

.- Elaboraremos listaxes por titorías nas que se contemple en que familias traballan tódolos membros da unidade familiar de xeito presencial, esas familias serán ás que priorizaremos no seu retorno ao colexio en caso de pasar de ensino telemático á presencial tras un posible confinamento selectivo. Para elo as familias deben aportar datos obxetivos.

.- Na Educación Infantil, no primeiro e segundo curso de Educación Primaria (remitímonos á lectura do protocolo de infantil)

.- Corresponde ao profesorado que designe a dirección do centro, asistidos de ser o caso polos asesores Abalar, colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da aula virtual. Durante o mes de setembro, antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado. Realizaranse as reunións oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, do modo de ensinar aos alumnos/as a inscribirse nos cursos, e da formación dispoñible (os coordinadores TIC poderán crear modelos básicos que sexan homoxéneos para a totalidade dos cursos e que faciliten o labor do profesorado con menor experiencia no uso). Porase a disposición do profesorado uns videotutoriais para a realización das tarefas de primeira posta en funcionamento da aula virtual.

.- Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas.

.- Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

.- A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que os/as do alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual. Crearase tamén un usuario na aula virtual para o/a inspector/a do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dito/a inspector o seu usuario e clave.

.- No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e notificarano ao equipo directivo. O equipo directivo atenderá estas necesidades co equipamento co que foi dotado no marco do Plan de Redución da Fenda Dixital, sempre que non se trate de alumnado Edixgal que contará con recursos específicos. No caso de corentenas ou illamentos, de non contar con recursos propios, procederase de acordo co sistema habilitado para a cesión de dispositivos Covid

.- Continuarase coa oferta de formación en aulas virtuais. As persoas asesoras Abalar de zona e da UAC (Unidade de Atención a Centros) prestarán especial atención para a atención dos problemas tecnolóxicos que podan xurdir. Para fornecer de contidos á aula virtual o profesorado poderá usar os dispoñibles no espazo Abalar, os que figuran na web do Ministerio, ou calquera outro dispoñible.

Entre estes recursos inclúese a oferta dunha actividade de formación de 15 horas que permita iniciarse e afondar no aproveitamento didáctico das aulas virtuais e outras ferramentas institucionais. Estes cursos desenvolveranse na propia aula virtual de cada centro e incluirán contidos axustados ás características e necesidades dos diferentes contextos.

En consecuencia, ofertarase para todo o profesorado:

- Un curso de Introducción ao ensino mixto que estará dispoñible en formato aberto en Platega.
- Un curso titorizado de ensino mixto con contidos específicos para o profesorado de educación infantil, primaria, secundaria, FP, ensinanzas de réxime especial , adultos e educación especial.
- Unha formación en centros prioritaria centrada nas seguintes liñas: o Integración didáctica das TIC. o Deseño e desenvolvemento curricular no marco dun modelo competencial.

### **NORMAS ESPECÍFICAS RELATIVAS A METODOLOXÍAS NA AULA E PROGRAMACIÓN:**

- As programacións didácticas incluirán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.
- Incluirase na programación o modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática. Tamén se incluirán os mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.
- Nas Instrucións de Inicio de Curso aprobadas por resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional, así como nas instrucións que se diten ao respecto do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos, elaboración de horarios e para o desenvolvemento do ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros, no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, determinaranse as medidas a adoptar no suposto no que o alumnado teña que recibir ensino a distancia.